

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN "EUROEUME"

TÍTULO I:DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

ARTIGO 1º.- A Asociación "EUROEUME" constitúese en As Pontes de García Rodríguez. A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro, que se rexerá polo disposto na Lei Orgánica 1 / 2.002, do 22 de Marzo, as súas disposicións complementarias, os presentes estatutos e regulamento de réxime interno, no seu caso, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asamblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

ARTIGO 2º.- Esta Asociación dispón de plena capacidade xurídica e capacidade de obrar.

TÍTULO II: DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

ARTIGO 3º.- A Asociación fixa o seu domicilio en As Pontes de García Rodríguez, na rúa 8 de Marzo, nº12. Poderanse crear locais sociais noutras localidades mediante acordo da Asamblea Xeral, que tamén terá facultades para poder cambiar tanto o domicilio principal como o resto das sedes.

ARTIGO 4º.- A Asociación terá como ámbito de actuación preferente a comarca do Eume e limítrofes sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

TÍTULO III:OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

ARTIGO 5º.-

1º.- A Asociación pretende servir de núcleo de converxencia e representación de todas as entidades e axentes interesados no desenvolvemento integral da comarca para acadar os seguintes obxectivos:

- a) Promover e xestionar Programas das diferentes Administracións Públicas ou entidades privadas que contribúan ó desenvolvemento da zona de actuación da Asociación EuroEume.
- b) Sensibilizar ás Administracións Locais, Autonómica, Estatal, así como ás Institucións Comunitarias Europeas ó obxecto de optimiza-lo aproveitamento dos recursos endóxenos da comarca de cara ó seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Servir ós asociados de centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ó eido do desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose este labor principalmente no coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes en cada momento e susceptibles de levarse a cabo pola Asociación ou polos seus asociados.

- d) Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención do ámbito de desenvolvemento local e rexional.
- e) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona.
- f) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- g) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- h) Estudar, conservar, promocionar e defender o patrimonio cultural do territorio, así como os recursos naturais e o medio ambiente.
- i) Impulsar e promove-la participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentala educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre tódalas persoas.
- j) Promovela sensibilización das institucións de cara a unha aproximación progresiva da porcentaxe que as respectivas entidades públicas destinan a políticas de cooperación ó mínimo ético do 0,7 % dos recursos propios.
- k) Deseñar e implementar actividades enfocadas á xestión sostible e integrada dos recursos turísticos da comarca , coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento económico da mesma a través da promoción turística e a conservación do patrimonio etnográfico, cultural e medioambiental do Eume sensibilizando a poboación e administracións.
- l) Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos, aos sectores da poboación más desfavorecidos: mulleres, maiores, xuventude, e colectivos en risco de exclusión social.
- m) Fomentar o principio de igualdade de xénero e contemplalo nas actuacións a desenvolver.
- n) Promocionar e fomentar a formación, sensibilización, información e participación de persoas voluntarias nos programas de voluntariado da Asociación ou outras entidades do territorio.

2º.- Para acadar ditos obxectivos, a Asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Sensibilizalo tecido social da comarca sobre a problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan ós seus intereses de desenvolvemento.
- b) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- c) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
- d) Organizar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudios relativos ós problemas de desenvolvemento da comarca, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou electromagnético, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- e) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relativos ó desenvolvemento local e rexional, xa

sexa para se realizar dentro do territorio nacional coma en calquera país estranxeiro.

- f) Establecer relacions de colaboración e participación con Entidades, Institucións e Organismos tanto de carácter público como privado, nacionais ou estranxeiras; así como solicitar e prestar axudas e subvencións de calquera tipo e clase a ditos organismos.
- g) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ó día permanente de tó dolos colectivos vinculados ó desenvolvemento e, especialmente, dos membros da Asociación.
- h) Promovelo intercambio de experiencias e a búsqueda de liñas de actuacións conxunta con entidades análogas.
- i) Desenvolver programas de prestación de servizos para atender aos colectivos da poboación más desfavorecidos, entre elas actividades destinadas a xuventude e voluntariado.
- j) Realizar cantas actividades podan resultar conexas, antecedentes e consecuentes das anteriores.

TÍTULO IV: DOS ASOCIADOS

ARTIGO 6º.-

1º.- Poderán pertencer como asociados á Asociación tódalas Administracións Locais e demais persoas xurídicas, públicas ou privadas con implantación no ámbito de actuación da Asociación EuroEume. Rixerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2º.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión.

3º.- Para adquirila condición de socio haberá que manifestar, mediante o correspondente escrito dirixido ó Presidente, a súa vontade expresa de se adherir á mesma e de cumprilos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade, asinado polo seu representante legal, que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

Así como unha copia dos Estatutos e da memoria de actividades do último ano. Xa que a entidade solicitante deberá acreditar actividade no ámbito territorial da Asociación.

4º.- Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5º.-Non se adquire a condición de socio mentres non se satisfaga a cota de entrada que estableza a Xunta Directiva e as débedas pendentes coa Asociación.

ARTIGO 7º.- Perderase a condición de socio:

A baixa por calquera motivo da Asociación, non exime ó asociado que a causa de satisfacelas obrigas e compromisos de calquera natureza que tivese pendentes.

1º.- Por decisión voluntaria do asociado.

2º.- Por sanción imposta pola Xunta Directiva por incumprimento das obrigas inherentes á condición de socio. O acordo de expulsión notificarase por escrito pola Xunta Directiva e contra el caberá recurso ante a primeira Asamblea Xeral que se realice.

3º.- Por extinción da persoa xurídica representada na asociación.

ARTIGO 8º.- Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva e/ou das comisións ou Mesas que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na Asamblea Xeral.
- c) Aprobar, se procede, en Asamblea, o balance do exercicio e mais o orzamento anual.
- d) Solicitar información sobre calquera aspecto da marcha da Asociación que lle poda resultar de interese.
- e) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da Asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

ARTIGO 9º.- Son obrigas dos socios:

- a) Asistir ás asambleas Xerais e acatalos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- b) Ocupa-los cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigacións inherentes a ditos cargos.
- c) Pagar as cotas de entrada e periódicas que acorde a Xunta Directiva.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asamblea Xeral, Xunta Directiva ou as comisións ou mesas sectoriais que puideran crearse.
- e) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- f) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimizade manifesta.
- g) Fomentar os obxectivos que promove a Asociación.

TÍTULO V: ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 10º.-

1.- O órgano supremo da Asociación é a Asamblea Xeral, integrada por todos los asociados

2.- Cada asociado terá derecho a un voto.

ARTIGO 11º.-

1.- A Asamblea Xeral podrá tener carácter ordinario o extraordinario.

2.- Reunirse a Asamblea con carácter ordinario una vez al año, en virtud de convocatoria del su presidente, e con quince días de antelación, polo menos, da data de realización daquela.

3.- A Asamblea Xeral reunirse con carácter extraordinario á convocatoria da Xunta Directiva, por propia iniciativa ou a petición dun terzo dos asociados. A convocatoria deberá efectuarse coa mesma antelación que a prevista no apartado anterior.

4.- Os acordos das Asambleas Xerais faranse constar no Libro de Actas da Asociación. As Actas asinadas polo Presidente e o Secretario, serán ratificadas no transcurso da próxima sesión, ou tamén dentro dos quince días seguintes a súa celebración, mediante a firma conjunta do Presidente e o Secretario. As actas una vez aprobadas, serán ejecutivas dende a data da súa aprobación, agás o relativo ós acordos de índole administrativa que precisen a aprobación do organismo administrativo competente da Xunta de Galicia ou doutras administraciones, antes da súa ejecución.

ARTIGO 12º.-

1.- Acompañarse á convocatoria da Asamblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, a orde do día comprensiva da reunión dos asuntos a tratar, a data de realización, facendo constar lugar, día e hora debendo, ademais, incluirse calquera asunto que estando dentro dos fins desta Asociación fora expresamente solicitado por escrito por dous membros, ó menos, da Xunta Directiva ou pola terceira parte dos asociados. Dita solicitud deberá presentarse, ó menos, con tres días de antelación respecto da data de realización da Asamblea.

2.- As Asambleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituidas en primeira convocatoria cando a elles concorran presentes ou representados a maioria dos asociados e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concurrentes.

3.- Os acordos tomaranse por maioria simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estos efectos os votos en branco nin as abstenciones.

4.- Os socios estarán representados na Asamblea polo seu representante legal ou pola persoa física que sexa designada pola entidade.

Corresponderá ó presidente da Asociación decidir sobre a idoneidade do escrito que acredite a representación.

ARTIGO 13º.- Son competencia da Asamblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva
- b) Examinar e aprobar as Contas Anuais; contas do exercicio anterior e orzamento do exercicio seguinte.
- c) Aprobar e rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación
- d) A aprobación da cuantía e periodicidade das cotas ordinarias e contribucións extraordinarias.
- e) Calquera que non sexa de competencia atribuída a outro órgano social.

En xeral calquera materia que someta a súa decisión a Xunta Directiva, ben por iniciativa propia, ben por petición expresa e escrita cando menos o trinta por cento dos socios.

ARTIGO 14º.- Son materia de exclusiva competencia da Asamblea Xeral Extraordinaria:

- a) A modificación dos Estatutos.
- b) A fusión da Entidade.
- c) A disolución da Entidade.
- d) A adquisición, transmisión, ou gravame de bens inmóviles ou obxectos de arte.
- e) O cambio de domicilio ou sede social.
- f) As revisións dos acordos de admisión e expulsión dos socios, emitidos pola Xunta Directiva.

ARTIGO 15º.- Os acordos que preceptivamente e vinculantes deben ser adoptados en Asemblea Xeral extraordinaria, deberán ser aprobados por maioría simple dos socios presentes ou representados, agás nos casos en que por Lei ou estatutariamente sexa preciso un “Quórum” determinado.

ARTIGO 16º.- Sen perxuízo do disposto nos artigos anteriores, requirirase o voto das dúas terceiras partes dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os seguintes asuntos:

- a) Nomeamento e cesamento anticipado dos membros da Xunta Directiva.
- b) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Disposición ou alleamento de bens.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.
- f) Aprobación de regulamentos de réxime interior, no seu caso.

ARTIGO 17º.-

1.- A Xunta Directiva é o órgano de governo, de xestión e de representación da Asociación.

2.-A Xunta Directiva da Asociación estará formada por tantos membros como designe a Asamblea Xeral, sendo como mínimo o dobre mais un do número de administracións públicas asociadas. De entre eles elixiranse os cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro.

O número de representantes do sector privado sempre será superior ao número de representantes do sector público.

Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da Xunta Directiva que non representen ás Administracións Públicas, serán nomeados por un período de catro anos, podendo ser reelexidos.

4.- Os membros da Xunta Directiva que representen ás entidades públicas serán nomeados polas administracións ás que representan.

5.- Compete á Xunta Directiva:

- a) Executar os acordos da Asamblea Xeral.
- b) Adoptar e executar as accións de goberno e administración da Asociación.
- c) Adoptar cantas medidas foran precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, a boa marcha da Asociación.
- d) Elaborar para a súa presentación en asamblea o informe económico anual, así como o orzamento, a memoria e o plano de actividades.
- e) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos ou nos regulamentos ou normativas internas, no seu caso.
- f) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- g) Elaborar, no seu caso, os regulamentos ou normas internas.
- h) Cantas deriven das leis ou estatutos.
- i) Realizar todo tipo de actos con plenitude de competencias, atribucións e facultades e con liberdade para fixar pactos, cláusulas, disposicións, determinacións e declaracións, de sorte que a representación da Asociación osténtese sen trabas, limitación nin excepción ningunha, tanto en España coma en calquera outro país e con suxeición ás súas leis.
- j) Solicitar, seguir, cobrar, mediante os exercicios de tódolos actos precisos en dereito, subvencións de calquera tipo ou natureza a entidades privadas ou públicas.
- k) En caso de extrema urxencia, poderá tamén adoptar acordos que sexan competencia das Asembleas Xerais, pero convocando simultaneamente a esta para o acordo de ratificación no seu caso.
- l) Aceitar donacións puras, condicións ou onerosas de calquera clase de bens.

Os acordos da Xunta Directiva serán firmes e executivos, desde a data da súa aprobación, sen prexuízo da rendición de contas na reunión da Asemblea Xeral máis próxima.

ARTIGO 18º.-

1.- Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á mesma, por incumprimento das obrigas que tivera encomendado e por expiración do mandato. Ata o momento no que se produza a designación e aceptación da mesma por quén o sustitua o integrante da Xunta Directiva que cause baixa continuara ostentando o seu cargo e desempeñando as súas funcións; salvo na baixa por incumprimento das súas obrigas.

2.- A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente por propia iniciativa ou á instancia de calquera dos seus membros.

O Presidente redactará a Orde do Día, na que se incluirán os asuntos suxeridos polos outros membros da Xunta.

A Xunta quedará constituída cando á hora convocada concorra a maioría dos seus componentes, de non ser así, quedará constituída en segunda convocatoria polos membros presentes.

Os integrantes da Xunta Directiva asistirán con puntualidade ás sesións.

As faltas non xustificadas de tres sesións consecutivas ou cinco alternas dentro do ano, poderán dar lugar ó cese no cargo.

ARTIGO 19º.- Os acordos da Xunta Directiva, tomaranse por maioría de votos dos membros presentes, admitíndose a representación do representante suplente.

En caso de empate, o acordo producirase mediante exercicio, polo presidente do seu voto de calidade.

Todo membro desconforme cun acordo de maioría pode disentir e que iso conste na Acta da sesión.

ARTIGO 20º.- As declaracóns e acordos das sesións da Xunta Directiva levaranse nun libro de Actas que serán subscritas polo Secretario e o Presidente, e poderán ser aprobados durante o transcurso da próxima sesión. As actas unha vez aprobadas, serán executivas dende a data da súa aprobación, agás o relativo ós acordos de índole administrativa que precisen a aprobación do organismo administrativo competente da Xunta de Galicia ou doutras administracóns, antes da súa execución.

ARTIGO 21º.- O PRESIDENTE

Competerá ó Presidente a representación da Agrupación a tódolos niveis e corresponderelle especialmente:

- a) Representar legalmente á asociación ante toda clase de organismos públicos e privados, de calquera grao e xurisdición así como autorizar coa súa firma e presenza tódolos actos e contratos nos que se atope implicado a Asociación. Abrir, manter e cancelar contas bancarias coa súa firma e a do tesoureiro e dispor a ordenación de cobros e pagos



- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asamblea xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións de unha e outra.
- c) Autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.
- d) Adoptar calquera medida urxente de que a boa marcha da Asociación aconselle ou que no seu desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, tendo que ser estes actos ratificados polo órgano de goberno correspondente.

ART 22º.- O VICEPRESIDENTE

O Vicepresidente exercerá as funcións que en el delegue o Presidente, auxiliándoo no seu cometido e sustituíndoo durante a súa ausencia, calquera que sexa a causa da mesma, mantendo nestes casos as mesmas atribucións que o Presidente.

ART.23º.- O TESOUREIRO

Serán funcións do Tesoureiro as seguintes:

- a) Dirixi-la contabilidade da Asociación, tomando razón dos ingresos e gastos.
- b) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación.
- c) Executa-los pagos ordenados polo Presidente, autorizándoos coa súa firma.
- d) Formaliza-los presupostos anuais de ingresos e gastos así como, o estado de contas do ano anterior.

ART.24º.- O SECRETARIO

Serán funcións do Secretario as seguintes:

- a) Actuar como tal nas reunións, tanto da Asemblea como da Xunta Directiva, levantando actas das mesmas.
- b) Custodiar e levar os libros de Actas e o rexistro de Asociados, así como do resto da documentación da Asociación, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xunta Directiva e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes
- c) Asistir ó Presidente para fixar a Orde do Día e cursar as convocatorias.
- d) Expedir Certificacións.
- e) Redactar a memoria anual e os plans de actividades e os documentos que sexan precisos.
- f) Cumprimento das obrigas documentais nos términos que legalmente correspondan.

Será substituído en caso de ausencia ou enfermidade por un vocal.

ART.25º.- DOS VOCAIS

Corresponde ós vocais asistir obrigatoriamente ás sesións que se convoquen nas que terán voz e voto, e prestar durante o transcurso daquelas a súa colaboración e consello, desempeñando as funcións que a Xunta Directiva delegue.

Presidirán as comisións e representacións que se constitúan con finalidades específicas.

ARTIGO 26.- Tódolos cargos da Xunta Directiva serán desempeñados gratuitamente, sen prexuízo de seren reintegrados a quén os desempeñe, os gastos e indemnizacións que o seu exercicio lles ocasione.

TÍTULO VI: RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 27.-

1.- A Asociación poderá ter patrimonio propio, os seus recursos serán: a cota dos socios, donativos, subvencións e ingresos de outra procedencia que se podan captar. O importe das aportacións obligatorias destinaranse ós gastos xerais da Asociación. As subvencións procedentes das Administracións así como as doazóns e axudas serán aplicadas á finalidade para a que foron concedidas.

2.- A Asociación amoldará o seu exercicio económico ó modelo de presuposto anual, considerándose como data de peche do mesmo o día 31 de decembro do ano que se trate; e levaranxe os rexistros contables baixo o principio de partida dobre por calquera dos procedementos legalmente admitidos para o tipo e pola natureza xurídica da entidade.

3.- No momento da modificación destes estatutos a Asociación carece de patrimonio funcional.

TÍTULO VII: DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO 28º.-

1.- A Asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto por unha maioría de 2/3 dos socios presentes ou representados. Disolta a Asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na Asamblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados para esta función pola propia Xunta.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída, non lucrativa e inscrita no correspondente rexistro que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos ós desta Asociación.


DISPOSICIÓN ADICIONAL E DILIXENCIA MODIFICACIÓN ESTATUTOS

Os presentes Estatutos entran en vigor inmediatamente despois da aprobación e cumprimento das disposicións legais aplicables.

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

D. Félix Pena Calvo, na súa calidade de secretario da Asoc. EuroEume, fai constar que os presentes estatutos, que xa foran modificados o 17 de Xullo de 2.008, modifícanse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria do 26 de Xuño de 2.018 celebrada na Casa da Cultura de A Capela

As Pontes, 27 de Agosto de 2.018

Vto. E Prace O Presidente,

Asdo.: José Castro Romero

O Secretario,

Asdo.: Félix Pena Calvo